

## **ORDENANZA FISCAL Nº 21, REGULADORA DA TAXA DOS CURSOS IMPARTIDOS POLA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.**

### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos do 15 ao 19 e 20.4 v) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por asistencia aos cursos da Escola Municipal de Música do Concello de Mondoñedo que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de ensinanza musical en calquera das súas formas e modalidades impartidas pola Escola Municipal de Música de Mondoñedo.

### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos da Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou que resulten beneficiadas ou afectas pola matriculación na Escola de Música.

### **Artigo 4º.- Responsables.**

4.1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 36 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

4.2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades y en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5º.- Cota tributaria.**

5.1.- A cota tributaria se determinará coa aplicación das seguintes tarifas:

<b>MATERIA</b>	<b>MATRÍCULA</b>	<b>COTA MENSUAL</b>
Formación Integral	30 €	10 €
Música e movemento(ata os 8 anos) e formación de adultos.		10 €
Formacións (coro, banda, orquestra,..)	40 €	

### **Artigo 6º.-Bonificacións.**

Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa por ensinanzas na Escola de Música establécense as seguintes bonificacións:

- a) Os membros de familia numerosa terán unha bonificación do 25% da taxa.
- b) As familias que matriculen a un mínimo de dous membros do núcleo familiar terán unha bonificación do 25% da taxa a partir do segundo membro (neste caso será sobre a taxa máis baixa no caso de ser distintas)
- c) Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional, recoñécese unha bonificación do 50% da taxa.

#### **Artigo 7º.- Dereito á percepción.**

1. O dereito á percepción da taxa producirase, nacendo a obriga de contribuír, no momento en que se presente a solicitude de matrícula en calquera das ensinanzas impartidas polas escolas municipais de música, polo que a falta de asistencia, agás por causa médica suficientemente documentada que imposibilite totalmente a asistencia continuada ata fin de curso, dos alumnos ás clases non da dereito á restitución da tarifa que ven establecida polo feito de matricularse.

2. O período impositivo coincidirá co curso académico establecido para cada unha das ensinanzas. Non obstante, nos supostos de altas con posterioridade ao inicio do curso académico o período impositivo e o dereito á percepción nacerán no momento de formalización da alta correspondente e polos períodos restantes ata a finalización do curso.

#### **Artigo 8º.- Normas de xestión.**

1.- As taxas reguladas na presente Ordenanza cobraranse mediante cargo en conta por domiciliación bancaria por períodos trimestrais, dentro dos dez días primeiros de cada trimestre natural, ou polo importe total ao momento de formalizar a matrícula no caso de que así o prefiran os matriculados, agás a matrícula que se aboará integramente no momento de formalizar a matrícula.

2.- O impago dentro do prazo sinalado no apartado anterior conlevará o apercibimento de perda da praza. De non procederse a dito pagamento, tramitarase a baixa de oficio dos impagados sen prexuízo do seguimento da vía de constrinximento para a recadación das cotas impagadas.

#### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso se estará ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **Disposición derogatoria.**

A presente Ordenanza derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza.

#### **Disposición final**

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 14 de xuño de 2012, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA e será de aplicación a partir do mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**Dilixencia.-** Para facer constar que a presente ordenanza foi publicada integramente no B.O.P. nº 201, de 31 de agosto do 2012.